



Concello de Mazaricos

Asunto: Convocatoria de selección de UN peón de mantemento de vías para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais (convocatoria APROL RURAL 2022)

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se concede unha subvención ao abeiro da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprolrural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022)., destinada á contratación de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías.

Visto o informe do Axente de Emprego e desenvolvemento local do Concello de Mazaricos, relativo a necesidade de contratar UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Redactadas as bases que rexerán a convocatoria e o proceso de selección para a contratación laboral-temporal de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías integrante da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Mazaricos.

Pola presente, RESOLVO:

Primeiro.- Convocar o procedemento público para proceder a selección de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Segundo.- Aprobar as Bases que rexerán a contratación, mediante oposición, do posto de referencia en réxime de contrato laboral temporal: modalidade será a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (Disposición final 2ª do Real Decreto Lei 32/2021 do 28 de decembro – código 405) incorporando as cláusulas específicas de interese social.

Terceiro.- Dar traslado ó departamento económico e de contabilidade, á intervención, e o Pleno Corporativo na primeira sesión que celebre.

Cuarto.- Publicar a convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Mazaricos e no sitio web municipal.

Cuarto.- Solicitar a correspondente oferta de emprego ó Servizo Público de Emprego.